

## Literatura infantil e xuvenil vasca: diálogos desde a marxe<sup>1</sup>

Mari Jose Olaziregi Alustiza

**RESUMO** Despois dunhas consideracións previas nas que se sinalan as debilidades e fortalezas da LIX vasca, faise unha achega á súa evolución, na que se establecen tres períodos: o primeiro, dende as orixes (s. XVII) até 1935, caracterízase polo cultivo dunha literatura de carácter relixioso e didáctico-moralista; o segundo, que abrangue de 1936 a 1975, supón a consolidación e institucionalización da LIX en lingua vasca, a continuidade de tendencias anteriores, a recompilación de materiais de tradición oral e o comezo das traducións e das primeiras publicacións periódicas dirixidas á infancia; e no terceiro, de 1976 á actualidade, salientase o grande aumento da produción, a aparición de novas editoras e de premios literarios, así como a maior demanda do lectorado ou a modernización e actualización das poéticas, especialmente no terreo da narrativa. Péchase este estudo cun breve percorrido polos autores e obras máis destacados na actualidade dunha produción que se caracteriza principalmente polo seu eclecticismo.

**ABSTRACT** Following an introduction which notes the strengths and weaknesses of children's literature in Basque, its development is examined, and three periods discerned: the first covers the years from its origins in the 17th century to 1935, which is basically religious and didactic-moralistic in character; the second, between 1936-75, which sees the consolidation and official adoption of Basque children's literature, and during which, in addition to the continuation of earlier styles, collections are made of oral material, translations are done from other languages, and periodical publications start to appear; and in the third, from 1976 to the present, there is a significant increase in output, new publishing houses appear, together with literary prizes, readership increases and one notes the influence of modern literary theory, especially in narrative fiction. The article ends with a brief account of the main authors and their work, the most notable feature of which is its eclecticism.

---

<sup>1</sup> Tradución do castelán realizada por Eulalia Agrelo Costas.

## Algunhas consideracións ao redor da literatura infantil e xuvenil

Como é sabido, toda actividade literaria necesita dun discurso crítico-teórico que a lexitime. O feito de que dende a universidade ou dende outros ámbitos organicemos cursos, seminarios ou congresos sobre LIX non deixa de ser máis que outro intento para que esa literatura que até incluso en época recente foi cuestionada por algúns, sexa homoxeneizada á literatura con maiúsculas, é dicir, á literatura de adultos. Seguramente, foi o feito de que a LIX dende as súas orixes se foi desenvolvendo a expensas ou grazas á institución educativa o que propiciou o atraso de dita lexitimación crítico-teórica<sup>2</sup>. A defensa que autores como Jorge Luis Borges teñen feito da LIX, ou a que críticos como Harold Bloom realizaron recentemente no seu coñecido: *Relatos y poemas para niños extremadamente inteligentes de todas las edades* (Anagrama, 2003), son só algúns exemplos dos intentos que a LIX está realizando para saír do ámbito marxinal, periférico diría I. Even Zohar, que ocupa nos diferentes sistemas literarios. A estas reivindicacións habería que engadir a clara evolución que os estudos de LIX tiveron no ámbito académico recente, grazas, entre outros, á aplicación de metodoloxías amplamente aceptadas pola crítica literaria contemporánea.

122

E xa que falamos de canons e de posicionamentos dentro do sistema literario, teriamos que comezar puntualizando que a LIX en lingua vasca ocupa aínda un lugar bastante periférico no actual *star-system* literario español. Datos como que só tres autores vascos, Bernardo Atxaga, Juan Kruz Igerabide e Mariasun Landa, fosen incluídos nunha listaxe canónica de cen obras da LIX<sup>3</sup>, ou que só un autor vasco gañara o Premio Nacional de LIX (Mariasun Landa, en 2003, por *Un crocodilo debaixo da cama*) son síntomas do que vimos dicindo. Pero estas reflexións non serían completamente exactas se non tivesemos en consideración o recoñecemento que a LIX en lingua vasca en xeral, e algúns dos seus autores en particular, tiveron na última década. Os recentes premios a autores vascos así o confirman (Premio Abril 2003 a Joanes Urkixo; Premio Leer es Vivir 2003 a Felipe Juaristi, Premio Lazarillo 2002 a Laida Martínez...).

---

<sup>2</sup> Cf. Z. Shavit, *Poetics of Children's Literature*, Atenas e Londres: The University of Georgia Press, 1986, p. 137.

<sup>3</sup> Véxase *El País*, 5 de abril de 2003.

Supoño que son exemplos que cuestionan, en parte, o illamento da LIX en lingua vasca, illamento, sexa dito de paso, tamén promovido pola debilidade do propio sistema literario vasco. A tardía convocatoria de axudas á tradución de obras en éuscaro a outras linguas por parte das institucións vascas (no ano 2000 saíu á luz a primeira convocatoria de axudas á tradución por parte do Goberno vasco), a recente creación de organizacións, como Galtzagorri Elkarte (1990) cuxo obxectivo é a promoción e difusión da LIX en lingua vasca, ou a inexistente presenza de materias de LIX nas facultades de Filoloxía de Euskadi, son algunhas das causas que puideron alimentar o noso illamento. Na parte positiva, teríamos que mencionar, sen dúbida, a instauración, a partir de 1981, dos estudos de Filoloxía Vasca nas Universidades vascas, o que permitiu a proliferación de teses de doutoramento sobre LIX en lingua vasca. Aí están, por exemplo, a tese defendida por Xabier Etxaniz en 1996, tese que formulaba una historiografía da LIX en éuscaro; a realizada por Eukene Martín en 1997, e que analizou a invención da infancia nos contos de 1976 a 1990; a realizada por Manu López ao redor da LIX traducida ao éuscaro, ou teses que aplicaron unha metodoloxía crítica concreta á análise de obras literarias, como a que realicei eu mesma en 1996, ao redor da obra de Bernardo Atxaga<sup>4</sup>. Todos eles son unha mostra, xunto aos datos que comentaremos no segundo apartado deste artigo, do intento que está realizando a nosa literatura para superar a marxinalidade, sexa dentro do sistema literario español, sexa no propio sistema literario vasco. En consecuencia, non se nos ocorreu mellor epígrafe para o título do presente artigo que: “Diálogos desde a marxe”. Diálogo fai referencia, por tanto, non só ao inevitábel diálogo intertextual que toda obra literaria establece coas súas predecesoras e as súas coetáneas, senón a todas as relacións que os creadores vascos suscitaron dentro e fóra do seu sistema literario.

## Literatura vasca e vida literaria

Nas liñas que seguen, trataremos de esbozar a evolución sociohistórica da LIX escrita en lingua vasca para, a continuación, detérmonos nos autores contemporáneos máis destacábeis. Trataremos, en definitiva, de perfilar a evolución da vida literaria vasca facendo nosa unha visión multidisciplinar da

---

<sup>4</sup> Cf. *Leyendo a Bernardo Atxaga*, Universidade do País Vasco, Servizo Editorial da Universidade do País Vasco, 2002.

historia da literatura, onde a partir das achegas da socioloxía empírica da literatura, tentaremos inscribir esa vida literaria no sistema máis amplo da vida cultural e social. Serán as conclusións de catro estudos as que guiarán o noso recorrido. Por un lado, os estudos sociolóxicos<sup>5</sup>, por outro, as achegas historiográficas<sup>6</sup> ou os estudos ao redor da LIX traducida<sup>7</sup>.

Bernardo Atxaga, no poema titulado “Escribo en una lengua extraña”, comparaba a literatura vasca cun ourizo que estivo demasiado tempo en letargo, pero que, afortunadamente, conseguiu espertar no século XX<sup>8</sup>. O período máis interesante e salientábel da nosa historia literaria concéntrase, por tanto, nos últimos cen anos e son estes precisamente os que ocuparán a maioría das liñas desta introdución. Por iso, serán escasas as referencias que faremos ao noso pasado literario máis remoto xa que, dende que en 1545 sae á luz o primeiro libro en éuscaro, o poemario *Linguae Vasconum Primitiae*, de B. Etxepare, son só cento un os libros que se publican ata 1879 e ademais, de entre eles, só catro poden ser considerados estritamente literarios. É precisamente un deles, *Ipuin onak*, de Bizenta Mogel (1804), o que pode ser considerado como o primeiro texto de LIX. Vemos, por tanto, que falamos dunha

- 
- <sup>5</sup> J.M. Torrealdai, *Euskal Idazleak*, Gaur, Aranzazu: Jakin, 1997; e M.J. Olaziregi, *Euskal gazteen irakurzaletasuna. Azterketa Soziologikoa* [Os hábitos de lectura da mocidade vasca. Estudio sociolóxico], Bergara: Bergarako Udala, 1998].
- <sup>6</sup> X. Etxaniz, *Euskal Haur eta Gazte Literaturaren Historia*, Iruña: Pamiela, 1997; E. Uria, “Algunas reflexiones para abordar la historia de la ilustración de la literatura infantil y juvenil. Aproximación a la ilustración en Euskal Herria”, in *Actas del II. Congreso de Literatura Infantil y Juvenil. Historia Crítica de la Literatura Infantil e Ilustración Ibéricas*, Ed. Regional de Extremadura, 2000, pp. 51-57; M. López Gaseni (coord.), *Panorama de la Literatura Infantil y Juvenil vasca actual*, Revista Behinola, 1999-2004, Galtzagorri Elkarte, 2004.
- <sup>7</sup> M. López Gaseni, *Euskarara itzulitako haur eta gazte literatura: funtzioak eraginak eta itzulpen-estrategiak*, Bilbao: UPV-EHU, 2000.
- <sup>8</sup> Escribo en una lengua extraña. Sus verbos, / la estructura de sus oraciones de relativo, / las palabras con que designa las cosas antiguas / -los ríos, las plantas, los pájaros- / no tienen hermanas en ningún otro lugar de la Tierra. / Casa se dice *etxe*; abeja *erle*; muerte *heriotz*. / El sol de los largos inviernos, *eguzki* o *eki*: / el sol de las suaves y lluviosas primaveras, / también *eguzki* o *eki*, como es natural; / Es una lengua extraña, pero no tanto. / Nacida, dicen, en la época de los megalitos / sobrevivió, lengua terca, retirándose, / ocultándose como un erizo en este lugar / que ahora, gracias precisamente a ella, / muchos llamamos País Vasco o *Euskal Herria*. / Sin embargo, su aislamiento no fue absoluto: / gato es *katu*; pipa es *pipa*; lógica es *logika*. / Como concluiría el príncipe de los detectives, / el erizo, querido Watson, salió de su madriguera / y visitó muchos lugares, y sobre todo Roma. / Lengua de una nación diminuta, / lengua de un país que no se ve en el mapa, / nunca pisó los jardines de la Corte / ni el mármol de los edificios de gobierno; / no produjo, en cuatro siglos, más que un centenar de libros: / el primero en 1545; el más importante en 1643; / el Nuevo Testamento, calvinista, en 1571; / La Biblia completa, católica, allá por 1860. / El sueño fue largo, la biblioteca breve; / Pero en el siglo veinte, el erizo despertó. (Bernardo Atxaga, *Nueva Etiopía*, El Europeo, 1996).

literatura tardía, dunha literatura que non tivo condicións sociohistóricas demasiado favorábeis para desenvolverse e que estivo ligada, como é obvio, aos avatares da lingua que a sustenta: o éuscaro.

E xa que falamos do éuscaro, non estaría de máis que fixésemos algunhas precisións respecto á lingua vasca que poidan axudar a coñecer máis, a querer, en definitiva, o noso pasado e presente literario. Para empezar, deberíamos recordar que *escribimos e sentimos* nunha lingua antiquísima, pre-indoeuropea, segundo os expertos, e aínda que a data exacta da súa orixe nos é descoñecida, a maioría dos antropólogos, historiadores e lingüistas coinciden en sinalar que xa no período Neolítico se falaba éuscaro. Ademais, teríamos que precisar que nos referimos a unha comunidade de falantes moi reducida, integrada, na actualidade, por uns 700.000 *euskaldunes*, ou vascoparlantes, que viven a ambos lados do Pireneo. A fronteira política que divide hoxe en día o País Vasco, ou *Euskal Herria*, determina, á súa vez, unha situación legal diferente. Si, tras a aprobación da Constitución Española de 1978, o éuscaro ten, xunto ao castelán, un status de oficialidade nas dúas comunidades autónomas da zona española, non ocorre o mesmo no País Vasco francés, onde o éuscaro non ten carácter de lingua oficial. As consecuencias desta desigualdade son facilmente predicíbeis: a instauración de modelos bilingües de ensinanza ou a convocatoria de axudas á edición en éuscaro fixeron que, na actualidade, o sistema literario vasco sexa moito máis forte e dinámico no País Vasco español que na zona continental.

125

### **Inicios da literatura infantil e xuvenil en éuscaro. Dende as orixes ata 1935**

A forte puxanza económica e cultural que coñeceu a zona vasco-francesa ata o século XVII (en 1736, por exemplo, había 4.296 mariñeiros en San Xoán da Luz) permitiu que se desen as mellores condicións para que as primeiras publicacións da nosa historia literaria visen a luz. Falamos dunha época na que non era fácil publicar en éuscaro, época na que tres de cada catro libros eran impresos fóra das fronteiras de Euskadi. Ao texto de B. Etxepare de 1545 seguíronlle outros que se converteron en puntos de inflexión importantes no desenvolvemento da literatura en lingua vasca. Referímonos á tradución, en 1571, do Novo Testamento e escritos calvinistas realizada por J. de Leizarraga, á aparición, en 1643, do *Gero* de Pedro de Axular, considerada como expo-

ñente máximo da prosa ascética na nosa lingua, ou aos poemas e proverbios que A. Oihenart compilou no seu libro *Les proverbes Basques...*(1657). A toda esta listaxe de obras, teriamos de engadir o recente achado do manuscrito de J.P. Lazarraga, achado non só relevante pola antigüidade do manuscrito (1564-67), senón porque este texto escrito na variante alavesa converteuse no máis antigo da zona peninsular. A publicación de textos de edificación e de traducións continúa, e no século XVIII, é a zona vasco-española a que coñece un rexurdir de obras e autores, grazas a unha situación socioeconómica que favorece as condicións para a creación. Xorde a Real Compañía Guipuzcoana de Caracas (1728), así como a Real Sociedad Vascongada de Amigos del País (1765) e o Real Seminario de Bergara. O perfil da maioría dos escritores segue sendo relixioso e é destacábel o cambio que se dá entre os lectores potenciais da literatura en éuscaro: mentres os escritores da zona vasco francesa escribían para lectores cultos, os autores do XVIII da zona peninsular escriben, a maioría deles, para lectores sen formación. Ao amparo das ideas da Ilustración, autores como Xabier M. Munibe, Conde de Peñafiorida, impulsaron e aviveron o ambiente cultural da época, aínda que ben é certo que a maioría das manifestacións culturais se realizaan en castelán. Destacaríamos os primeiros textos dramáticos cultos que aparecen da man de I. Barrutia (*Acto para la Nochebuena*, non publicado ata 1897) e X.M. Munibe, conde de Peñafiorida (*El borracho burlado*, 1762). En ambas é constatábel a utilización do castelán, xa que non hai que esquecer que a escolarización se daba en castelán (Lei Moyano, 1857; utilización do anel para castigar os alumnos que falaban en éuscaro...) e que o éuscaro vivía unha situación diglósica: a cultura vehiculábase en castelán, a doutrina en éuscaro. O 60% das obras que se publican entre 1700 e 1875 saen á luz en Guipúscoa. É no século XIX, cando, á sombra das ideas do romanticismo, o noso país e a nosa lingua suscita grande interese, sexa entre lingüistas, políticos ou estudiosos do talle de W. von Humboldt, L.L. Bonaparte, A. D'Abbadie, W. Webster, H. Schuchardt, J. Van Eys... ou entre escritores como o poeta inglés W. Wordsworth ou o escritor francés P. Merimée, quen nos presenta unha personaxe vasca, Carmen, como heroína da súa coñecida novela.

O primeiro libro de LIX en lingua vasca, *Ipuin onak*, fixo a súa aparición en 1804, escrito por Bizenta Mogel (1782-1854). Tamén supuxo a primeira publicación literaria nunha tradición dominada por homes. Aínda que o obxectivo didáctico-moralista sexa o que prevalece no texto, resaltaríamos a importancia do libro como expoñente dun novo tipo de narración e como expoñente, á súa

vez, dun novo tipo de lectura máis literaria pero afastada aínda de obxectivos estritamente estéticos. *Ipuin onak* é en realidade, unha tradución e adaptación das fábulas de Esopo, será o punto de partida para a aparición de toda unha serie de fabulistas, aínda que na maioría dos casos, será o verso a forma predominante. O caso de Bizenta é absolutamente excepcional, pois estímase que só o 15% das mulleres da época estaban alfabetizadas. No seu caso cumpríronse as condicións que V. Woolf describiu nas escritoras do XIX: un matrimonio tardío e carencia de fillos. Tras o Concilio de Trento, as mulleres eran vistas como portadoras da tentación. O panorama literario vasco, protagonizado por curas, foi, seguramente, un ámbito cerrado para as mulleres durante demasiados séculos. Os prólogos que coñeceron as diferentes edicións do libro de Bizenta Mogel, como o escrito por Domingo Agirre, o novelista costumista e autor canónico da primeira metade do s. XX, reflicten claramente os prexuízos contra as mulleres letradas. É importante constatar que Bizenta se adscribiu a un dos modelos educativos, o de Locke, quen primaba o uso das fábulas para a educación, que foron impoñéndose a partir do XVII. Como é sabido, a aparición do sistema literario de LIX no século XVIII foi posíbel grazas ao desenvolvemento das diferentes teorías da educación no século anterior. Outras obras que seguiron a senda didáctica-moralista aberta por B. Mogel foron: *Fábulas y otras composiciones en verso bascongado, dialecto guipuzcoano*, de A. Iturriaga (1842) (tradución de cincuenta e cinco fábulas de Samaniego); *La Fontainaren alegria berbeziak* (1848), de J.B. Archu; e *Fableac edo Aleguiac* (1852), de L. Goyhetche, estas últimas traducións das fábulas de La Fontaine. É importante destacar a novidade destes textos en tanto que serviron para romper en parte a preeminencia de textos relixiosos na literatura vasca e para incidir nun grupo de lectores potenciais, os infantís e mozos, pouco atendidos ata a data. Os intentos do pedagogo e escritor A. Iturriaga por promover a ensinanza en lingua vasca fálannos dunha realidade lingüística diglósica e das dificultades que todo iso supuña para o desenvolvemento dunha literatura en lingua vasca.

127

En calquera caso, é no último decenio do século XX cando se dan os primeiros sinais dun espírito novo, espírito que transformará de raíz, o futuro da literatura en lingua vasca. Así, desaparece o antigo predominio de obras de edificación e formación relixiosa, e o espectro de xéneros literarios cultivados vaise ampliando: a traxectoria de poetas como Bilintx o Etxahun verase enriquecida pola incorporación de novos autores como Arrese Beitia e o xénero narrativo, en especial, a novela, fará a súa irrupción no panorama literario

vasco. Esta produción poética verase impulsada pola proliferación dos Xogos Florais, que comezaron a celebrarse na zona continental en 1851 e na peninsular en 1879. Poderíamos sinalar a perda dos foros tras a segunda guerra carlista (1873-1876) como o feito político que sinalou o comezo do que a crítica denominou o “Renacemento” literario vasco. É nesta época cando, da man de Sabino Arana (1865-1903), se sentarán as bases do nacionalismo vasco que, á súa vez, influirá en toda a literatura vasca do primeiro terzo do século XX (en 1895 funda o PNV). A preeminencia da ideoloxía nacionalista fará que a produción literaria das primeiras décadas do século XX estea condicionada de novo por obxectivos extraliterarios. A novela vasca que inicia a súa andadura a finais do século XIX da man de D. Agirre tratará de reflectir un mundo idealizado e esencialista, afastado das cidades industriais que se foron conformando no País Vasco. Trátase, en definitiva, dunha novela de tese ao redor de tres grandes eixes: fe, patriotismo e vasquidade, cuxo modelo perdurará na narrativa vasca ata os anos 50.

Xunto á forte industrialización que se dá no último terzo do XIX (recorremos que é entón cando, sobre todo en Biscaia, xorde a gran siderurxia e os Altos Fornos de Bilbao), o aumento das taxas de escolarización ou a aparición de diferentes revistas literarias fixeron que o número de lectores se fose incrementando. Calcúlase que entre 1876 e 1936 se crearon unhas cento corenta publicacións periódicas (almanaques, semanarios, anuarios...), o cal é un indicativo da vitalidade cultural da época. A pesar diso, habería que sinalar que esta masa de lectores non era tan grande como se puidera supor. Os falantes euscaldúns non estaban habituados á lectura silenciosa e intensiva que requirían as novelas e relatos que ían xurdindo, e ademais hai que subliñar que a escolarización se daba, sobre todo, en castelán. A literatura forista, que foi aparecendo tras a abolición dos foros en 1876, presentaba un claro ton nostálgico por un pasado foral e nobre, e sustentábase en lendas que foron alimentando o imaxinario nacionalista. Navarro Villoslada, A. Araquistain... pero sobre todo A. Trueba tiveron grande importancia. É precisamente nun dos relatos de Trueba (*El Judas de la casa*) no que se inspira A. Apaolaza na súa novela curta *Patxiko Txerren* (1890), novela moralista de ambiente rural que tivo boa acollida entre os mozos. A influencia da ideoloxía e o imaxinario nacionalista son importantes no xénero máis popular daquel tempo, o xénero dramático, que supoñía o 51% dos textos literarios que se editaban. Autores como M. Soroa o T. Altzaga lograron acercarse moito máis ao lectorado vasco cuxos hábitos de lectura en éuscaro eran moi baixos. En 1918, xorde o cómic *Teles eta Miko*,

que se converterá nun acicate importante para os ilustradores da época, entre os que mencionaremos a A. Jauregibeitia, autor das ilustracións dos contos de Oscar Wilde e dos irmáns Grimm, traducidos e publicados, como se indica máis adiante, a finais dos anos 20<sup>o</sup>. En 1918 aparecen, ademais, dúas institucións que terán grande importancia no asentamento da cultura en lingua vasca: A Sociedade de Estudos Vascos-Eusko Ikaskuntza e Euskaltzaindia-Real Academia da Lingua Vasca.

O reducido número de escolas vascas que xorde a finais do XIX, irase conformando coa aparición das escolas de barrio que a partir de 1920 puxeron en marcha as Deputacións e coa multiplicación de ikastolas nas décadas 20-30. Incluso o propio S. Arana publicou no seu día, en 1897, unha gramática para que os nenos aprendesen a ler en biscaíño (*Umiaren lenengo aizkidia. Bizkaiko euzkeraz irakurtzen ikasteko*). Quedan como exemplo do esforzo que se estaba facendo na ensinanza do éuscaro, os libros que a partir de 1907 publicou o editor I. López de Mendizábal, entre os que mencionaremos *Xabiartxo* (1925) e *Umearen laguna* (1920), libros que foron ilustrados por John Zabalo Ballarin “Txiki” (1892-1948)<sup>10</sup> e que seguiron funcionando entre os escolares ata ben entrados os sesenta. Tamén lle debemos a Isaac López de Mendizábal a creación do cómic *Poxpolin* (1935-1936).

129

A literatura dedicada aos nenos era, maioritariamente, didáctica (de obxectivo moralista, relixioso, como *Umiak Autortuten eta Jaunartuten* (1911), de I. Arrandiaga, ou patriótico, como *Margerite ren ames ixukorra*, de J. Guzekitz (1914)). Máis interesantes resultan, pola contra, os dezanove contos que se inclúen en *Ipuin laburrak umetxoentzat* (1922), de B. Garitaonandia, ou a primeira obra dramática publicada para nenos, *Nekane edo Neskutzaren Babesa* (1922), da escritora Tene Mujika. Ao igual que outras mulleres que escribiron nas revistas da época, os textos de Mujika eran próximos aos da ideoloxía nacionalista, para quen catolicismo e defensa do éuscaro eran os obxectivos primordiais. O perfil biográfico de Tene Mujika, en tanto integrante do *Emakume Abertzale Batza* (Grupo de Mulleres Nacionalistas) correspóndese co das mulleres nacionalistas da época que tiveron un papel importante na actividade cultural.

Por outro lado, aínda que *a priori* menos ambicioso que as novelas costumistas da época, o relato breve costumista que se publicou nesta época logrou

---

<sup>9</sup> Cf. X. Etxaniz, *Op. cit.*

<sup>10</sup> Cf. E. Uria, *Op. cit.*

conectar cos lectores vascos moito máis que aquelas. Non eran obras escritas para nenos, pero digamos que foron “gañadas” por eles. Referímonos aos libros de narracións breves *Abarrak* (1918) e *Bigarren Abarrak* (1930), de Ebaristo Bustintza “Kirikiño” (1866-1929). Os relatos de Kirikiño utilizan técnicas de narración oral e son, basicamente, humorísticas. A pesar de estar inscritas na poética costumista e estar por iso supeditadas ás condicións propias do xénero (narrador omnisciente autorial, personaxes pouco desenvolvidos, moralidade e didactismo do texto, humor baseado en tópicas caracterizacións de personaxes-tipo), os contos de Kirikiño xunto ao coñecido *Pernando Amezketarra. Bere ateraldi eta gertaerak* (1927), de G. Mujika, teñen o mérito de ter desenvolvido unha prosa fluída, afastada do influxo purista e que conectou cos lectores potenciais que prefiguraba este tipo de relato tradicionalista, os lectores do ámbito rural. Tamén se publicaron naqueles anos, outras compilacións que recollían relatos e contos tradicionais vascos, como *Dar-Dar-Dar* ou *Txomin Arlote* (1922) ben ilustrados por Txiki; *Supazter xokoan* (1924), de J. Barbier; *Amattoren uzta. La moisson de Grand Mère* (1934), de Mayi Ariztia, etc. En canto ás traducións, subliñaremos as dúas traducións de contos tradicionais dos irmáns Grimm (*Ipuñak*, traducido por J. Altuna e *Grimm Anaaien Berrogeitamar Ume-Ipuin*, traducido por J.A. Larrakoetxea, ambas en 1929), a de textos recoñecidos de corte didáctico-moral (Schmid), a de O. Wilde *Printze zoriontsua eta beste ipuin batzuk* (1927), ou a de *El Lazarillo de Tormes (Tormesko itsu-mutila)* polo escritor e tradutor N. Ormaetxea, Orixe. Segundo subliña M. López Gaseni<sup>11</sup>, as obras que se traducen no período 1876-1935 posúen as seguintes características: a) entre os títulos traducidos prevalece a denominada “literatura gañada”; b) non se aprecia ningunha sistematización na selección das linguas que se traducen; c) a función que prevalece nos textos traducidos é a didáctico-moral; d) prevalece o dialecto biscaíño e) é clara a tendencia a adaptacións ideolóxicas e didácticas.

## Consolidación e institucionalización da LIX como actividade autónoma (1936-1975). De posguerra e renacemento

Ao igual do que ocorrera noutras literaturas peninsulares, a Guerra Civil trouxo efectos devastadores na produción literaria vasca. Á cantidade de baixas e de exiliados (150.000), seguiuulle unha política represiva por parte do

<sup>11</sup> *Euskarara itzulitako haur eta gazte literatura: funtzioak eraginak eta itzulpen-estrategiak*, Op. cit.

bando dos gañadores. Falamos dunha época na que se prohibiron os nomes vascos e incluso as inscricións en éuscaro das lápidas dos cemiterios, unha época na que a rúa, a administración, a cultura... foron ámbitos onde o franquismo exerceu a súa censura. Afirmouse que a xeración da posguerra foi unha das máis importantes da literatura vasca, pois deulle o que máis necesitaba naqueles momentos, unha continuidade. En canto á LIX, é a finais dos anos 40 cando volven aparecer na zona peninsular textos para os máis mozos. Falamos, de novo, de textos relixiosos (*Jesus Aurraren bizitza* (1948), *Haurren meza*, V. L. Leon (1942), *Haurren-Eliz-liburutxo*, M. Lekuona (1949), *Kristau- Ikasbidea Bertsotan* (1950), N. Etxaniz...), ou de compilacións de contos tradicionais (*Euskalerrriaren Yakintza* (1942), de R.M. Azkue)... Xunto a eles, destacaremos o libro de poemas para nenos *Haur elbe haurrentzat* (1944), do escritor vasco-francés Jules Moulier “Oxobi”. En canto ás traducións, son citábêis o conto *Leoi-kumea* (1948), de Orixe, texto que parece ser a adaptación-tradución dun libro ilustrado e que foi encargado polo Goberno vasco no exilio; *Platero eta biok* (1953), traducido por B. Ametzaga Aresti e publicado en Montevideo. A editorial Itxaropena de Zarautz pon en marcha unha importante colección, “Kuliska”, en 1952, onde se publican *Noni eta Mani* (1952), do escritor islandés J. Svensson, traducido por P. Mujika, ou narracións humorísticas como *Purra! Purra!* (1953) ou *Pernando Plaentxiarra* (1957), de Jon Etxaide. Tamén Euskaltzaindia uniuse ao esforzo de tratar de ampliar a escasa oferta de libros en éuscaro publicando textos que tiveron boa acollida entre os mozos, tales como: *Ipuin Barreka* (1959), de F. Bilba; *Abarrak* (1956), de Kirikiño; ou *Euskalerrriko ipuiñak* (1957), selección de contos populares vascos a cargo de A. Irigaray. A primeira novela policíaca vasca é daqueles anos, e podemos considerala como unha obra “gañada” polos mozos. Referímonos a *Amabost egun Urgain'en* (1955), de J.A. Loidi, escrita na liña da novela inglesa clásica do estilo “whodunnit”. Completaremos este breve repaso ao lento renacer da LIX nos 50, recordando a colección para nenos, “Umetxo en ipuiak” (1957), con historias de animais profusamente ilustradas, ou a primeira revista para nenos, *Umeen Deia* (1959), de F. Murieta, publicada grazas á institución Príncipe de Viana, que se editou durante sete anos, mensualmente, cunha totalidade de sesenta e cinco números. Non obstante, non xerou unha dinámica de lanzamento de novos escritores, e volveuse unir un obxectivo patriota (éuscaro), co relixioso. En 1960 xorde a revista *Pin Pan* (1960-1970), que realiza unha versión vasca de personaxes do cómic coñecidos na época (Mortadelo e Filemon, pasan a ser “Txorizo eta Txistorra”, ou Zipi e Zape “Peru eta Txomin”).

Os acontecementos que se sucederon en Euskadi na década dos anos 60 (desenvolvemento industrial e económico, afianzamento das ikastolas, unificación do éuscaro, grande activismo político contra o réxime franquista que censuraba toda actividade cultural en éuscaro, campañas de alfabetización...), crearon un humus propicio para a xerminación dun xiro radical nas formulacións literarias. O mundo editorial vasco tamén viviu aires renovadores (créanse novas editoriais e incrementábase a produción); en 1965 celébrase a primeira Feira do Libro Vasco en Durango, e houbo quen incluso reclamou unha política editorial seria para conseguir que o éuscaro chegase a todos os ámbitos culturais. Falamos de anos onde a modernidade se expresaba en forma de poesía social (*Harri eta Herri*, de G. Aresti, 1964), ou en forma de novela experimental (*Egunero hasten delako*, de R. Saizarbitoria, 1969).

En LIX sobre todo podemos falar de literatura escrita con obxectivos estéticos, e de forma sistemática, a partir dos 60, aínda que a produción non se incrementará ata os 70. Cabería recordar, non obstante, as compilacións de relatos tradicionais de J.M. Barandiaran, *El mundo en la mente popular vasca* (1962) (tomos II e III), ou o libro de compilacións e creación, *Amandriaren altzoan* (1961), de Julene Azpeitia. X. Etxaniz<sup>12</sup> subliñou a importancia que tivo, na LIX escrita en lingua vasca, a aparición de Marijane Minaberri. O seu volume de contos *Itchulingo anderea...* (1963) e o seu poemario *Xoria Kantari* (1965) son obras que buscan, ante todo, o pracer estético da lectura. Os contos son de diversa factura, aínda que beben moito das fábulas e contos tradicionais. Ademais dos mencionados, deberíamos recordar o libro, *Mendekoste Gereziak eta Beste* (1963), onde se recolleron os contos publicados en diversas revistas por J. Etchepare. Trátase de contos logrados que, segundo o escritor e editor Mujika Iraola, presentan a influencia dos relatos de Grimm e Tolstoi.

Unha das integrantes do grupo *Ez Dok Amairu* (1965), Lourdes Iriondo, publicou na colección “Kimu” da Editorial Mensajero o libro de relatos *Hego-haizearen ipuinak* (1973), onde, ao fío da corrente cultural da época, se trataba de axuntar tradición e modernidade (entendida como compromiso), creando relatos con substrato tradicional, aínda que enraizados na época. Tamén sacou á luz un par de obras de teatro, *Martín Arotza eta Jaun Deabrua* (1973) e *Sendagile Maltzurra* (1973), onde tamén queda patente a utilización de cancións populares e a nova pedagogía freinetiana que se estaba impondo nas

---

<sup>12</sup> Op. cit.

ikastolas ou escolas vascas. Esa pedagogía influíu, sen dúbida, na publicación de obras colectivas escritas polos propios alumnos na década dos 70.

En canto ás traducións que se realizaron nas décadas 60-70, recordaremos que durante 1962-1964, a editorial Edili de Donostia publicou traducións de contos tradicionais como *Carapuchiña*, *Brancaleves* ou *Cincenta* realizadas por Jon Oñatibia. Tratábase de adaptacións para nenos, con grandes ilustracións e final feliz. J.A. Etxebarria traduciu os contos de Perrault en 1965 e os de Andersen en 1969. *Ardo ta ogi Martxelín* (*Marcelino pan y vino*), de J.M. Sánchez-Silva (Premio Aldersen 1968) viu a luz en 1970, traducido por J.M. Satrustegi. Na década dos 70, a colección “Kimu” da editorial Mensajero incorporou a tradución dalgunhas novelas histórico-románticas que causaron furor en décadas anteriores, tales como, *Amaia*, *Harkaitz*, *elurra ari zueneko aura*, *Antso Gartzreiz ...*, traducidas por I. Azkune e J.M. Arrieta. Tamén a editorial Cinsa de Bilbao iniciou, a partir de 1974, unha colección que incorporaba traducións e adaptacións de clásicos da LIX universal, como o *Robinson Crusoe*, traducido por Atxaga en 1974 (tamén se publicaron: *Morgan*, *Sandokan*, *Pirataren emaztea*, *Mompracem azkena* de Salgari, e *Heidi*). Outros clásicos que tamén foron traducidos neses anos foron o *Printze txikia* (*O principião*), de Saint Exúpery. Segundo conclúe M. López Gaseni<sup>13</sup>, as traducións de LIX ao éuscaro durante o período 1936-1975 teñen as seguintes características: a) aparecen temas modernos como a emigración, viaxes exóticas, diversidade de razas... sobre todo, nas editoriais catalás, pero non se aprecia que eses temas influían na creación orixinal en éuscaro. As funcións primordiais que cumpren estas traducións son didáctico-morais. b) a maioría das traducións que se realizan nos últimos 10-15 anos deste período ou nos primeiros do seguinte, pasan polo castelán como lingua-ponte. As adaptacións ideolóxico-didácticas son frecuentes (ao igual que no período anterior) pero non no posterior.

133

Os datos referentes á produción destes anos (1936-1975) débuxan un panorama que reflicte adecuadamente a lenta evolución que a LIX en lingua vasca tivo no período comprendido<sup>14</sup>: cunha infraestrutura editorial que se concentraba, sobre todo, na zona peninsular (73,6%), a presenza social do libro vasco era escasa e a maioría dos axentes editoriais eran *amateurs*. Os novos títulos ocupaban o 93% do editado, e entre eles, as novidades xurdidas en éuscaro supoñían o 77,7%. Do total de 1.626 novidades que se publicaron neses anos,

<sup>13</sup> *Euskarara itzulitako haur eta gazte literatura: funtzioak eraginak eta itzulpen-estrategiak*, Op. cit.

<sup>14</sup> Cf. J. M. Torrealdaí, Op. cit.

a porcentaxe de libros traducidos ascendía a 22,3%, e é claro o incremento que sufriu a LIX, pasando a ser o 9,7% da produción total. Á súa vez, o 52,8% da LIX era traducida, e o resto orixinal, con gran base etnográfica. A literatura supoñía un 33% do total do publicado.

### **Época contemporánea (1976-). Un panorama para o optimismo**

A aprobación do Estatuto de Autonomía (1979) e do Decreto de Bilingüismo (1982) supuxeron un xiro radical no sistema literario vasco, xa que posibilitaron que, por primeira vez, o éuscaro fose oficial xunto ao castelán e obrigatorio na ensinanza primaria e secundaria. Pero ademais, a nova situación política permitiu a aprobación de axudas á edición en éuscaro, co conseguinte incremento da produción editorial. Cunha rede de editoriais máis asentada e abundante, o número de libros publicados en éuscaro incrementouse paulatinamente, pasando de publicarse unha media de 31,5 libros por ano no período 1876-1975, a unha media de 659,2 libros por ano, durante o período 1976-1994. En canto á LIX, chama a atención a evolución que tivo na porcentaxe da produción total. Se entre 1876-1935 só o 2,4% do publicado en éuscaro era LIX, a porcentaxe incrementárase a 9,8% entre 1936-1975 e ao 23,1% entre 1976-1994. Na actualidade, un 20-25% do total do publicado en éuscaro é LIX, e dentro dela, un 50% é tradución, un 30% reedición e un 20% libros de nova creación. Por tanto, cada ano edítanse 60-70 obras novas de LIX en éuscaro e, se nos atemos aos datos de 2002 (1.586 libros), vemos que se publicaron un total de 344 libros de LIX. A tirada media é, polo xeral, duns 1.500-2.000 exemplares. M. López Gaseni<sup>15</sup> resume, dese modo, as características da LIX traducida ao éuscaro neste período: a) os libros traducidos neste período non son canónicos, senón que son elixidos dos polisistemas máis próximos ao vasco: o catalán e o castelán. A literatura canónica traducida ao éuscaro non pasou a formar parte do canon de literatura vasca; b) as traducións dende as linguas orixinais non se sucederon, de forma sistemática, máis que a partir dos 90; c) ao igual que en anteriores períodos, téndese a simplificar as complexidades sintácticas e semánticas. Trátase dun período onde a LIX traducida ao éuscaro se produce de forma sistemática.

Por outro lado, non sería comprensíbel o incremento na produción ao que antes faciamos alusión se non recalásenos na importancia que tiveron, a finais dos 70, novas editoriais como Erein e Elkar, ou as edicións que viñeron da man

---

<sup>15</sup> *Euskarara itzulitako haur eta gazte literatura: funtzioak eraginak eta itzulpen-estrategiak*, Op. cit.

da editorial Hordago. É nesos anos cando xorde, impulsada por Erein, a revista que se converterá en espazo de experimentación para diferentes xeracións de ilustradores: *Ipurbeltz* (1977). Esta revista, xunto á existente *Kili-Kili* (1966-68/1977-2003), ou as posteriores *Xirrixta* (1992-1997) e *Nanai* (2000-) veu encher, en parte, lagoas manifestas na nosa oferta editorial. A listaxe de editoriais vascas verase incrementada, nos 80 e 90, coa incorporación de editoriais de ámbito estatal que empezarán a publicar en éuscaro (SM en 1986, Anaya en 1987, Alfaguara-Desclée en 1988, Edelvives en 1989...). Tamén será nos 80 cando comecen a convocarse premios literarios de LIX que funcionarán como plataformas de lanzamento para os escritores. Referímonos ao Premio Lizardi (1982-), ao Premio Baporea-SM (1985-), ou ao Premio Bilintx (1986-). A todos eles sumaráselles, na década dos 90, o Premio Euskadi de LIX, e o Premio Antonio María Labaien (1993). A LIX dos 80 terá que facer fronte á gran demanda que dende os centros educativos e centros de euscaldunización realizan os lectores. É por iso que, durante anos, os libros máis reeditados en éuscaro teñen sido libros de LIX. En calquera caso, se algo resulta rechamante da produción literaria da época é a modernización e actualización de poéticas que se dá nun breve lapso de tempo. O realismo crítico (*Chan el fantasma*, de M. Landa, 1984), a fantasía (*Chuck Aranberri dentista baten etxean*, de B. Atxaga, 1980; *La máquina de la felicidad*, de A. Lertxundi, 1988), o teatro vanguardista (*Logalea zeukan trapezistaren kasua [O caso do equilibrista que tiña sono]*, de B. Atxaga), son só algunhas das tendencias que exemplifican esta renovación literaria. Os seus protagonistas son autores e ilustradores que durante os anos 80 se incorporaron á ata entón breve nómina de creadores de LIX. Referímonos a escritores como: Pello Añorga, Aitor Arana, Pako Aristi, Bernardo Atxaga, Enkarni Genua, Joxemari Iturralde, Mariasun Landa, Anjel Lertxundi, Manu López, Xabier Mendiguren, Joxean Ormazabal, Jesús Mari Olaizola “Txiliku”, Karlos Santisteban, Joanes Urkixo...; ou a ilustradores como: Asun Balzola, Juan Carlos Eguillor, Jesús Lucas, Jokin Mitxelena, Antton Olariaga, Jon Zabaleta... En calquera caso, esta listaxe de autores verase ampliada, na década dos 90, por nomes como: Yolanda Arrieta, Javi Cillero, Juan Kruz Igerabide, Felipe Juaristi, Karlos Linazasoro, Miren Agur Meabe, Fernando Morillo, Jon Suarez, Patxi Zubizarreta<sup>16</sup>...; ou por ilustradores

<sup>16</sup> É salientábel que o número de mulleres escritoras na LIX en lingua vasca segue sendo máis baixo que no das literaturas veciñas, e que a imaxe da muller que a nosa literatura denota, ás veces, presenta un claro carácter ideolóxico de tendencia sexista. Segundo un estudo realizado por X. Etxaniz (“Ideología haur literaturan (emakumearen irudia gure haur eta gazte literaturan)”, *Egan* 2001-1/2, pp. 137-158), o reducido número de protagonistas femininas, a domesticidade dos seus labores... non ilustran a realidade vasca actual.

como: Iñaki (Mattin) Martiarena, Elena Odriozola, Mikel Valverde, Agurtzane Villate. En canto ás características da ilustración na Euskadi actual, diremos, seguindo a E. Uria<sup>17</sup>, que: a) é escasa a produción propia de libros de gran formato; b) aparecen como maioritarias as fórmulas tendentes á caricatura (alta expresividade das liñas; introdución das deformacións con fins expresivos; humor máis ou menos inxenuo; códigos tomados da tradición do cómic...) c) escasísima presenza de produción propia en libros dirixidos a prelectores.

O panorama contemporáneo que tratamos de perfilar nos parágrafos precedentes presenta, por tanto, un sistema literario vasco asentado e cun dinamismo realmente sobresaínte. Aos comentarios que fixemos ao redor da produción, habería que engadirllles uns breves apuntamentos referidos a aspectos como o da mediación ou recreación. Non cabe dúbida de que se a LIX en lingua vasca goza na actualidade de moi boa saúde e presenta unha oferta editorial de calidade, a iso contribuíu non só a investigación que dende a universidade se realizou a través das teses de doutoramento, senón ao labor que dende asociacións, organizacións e medios de comunicación<sup>18</sup> se promoveu para canalizar o necesario debate sobre o feito literario. A creación, en 1990, de Galtzagorri Elkarte, sección vasca da OEPLI, axudou a coordinar esforzos ao redor da promoción e difusión da LIX en lingua vasca. Como se recolle na súa páxina web ([www.galtzagorri.org](http://www.galtzagorri.org)), ademais de designar os membros do xurado para o Premio Euskadi de LIX, e colaborar asiduamente con Euskaltzaindia-Real Academia da Lingua Vasca na designación dos membros do xurado para o Premio Nacional de LIX, organizou diversos congresos (Congreso de Contos populares, 2001, Congreso Libros de Aventura, 2003, Congreso de Poesía Infantil, 2002...), promoveu concursos (Concurso de Escritor Mozo, 2002...), colaborou en campañas e actividades de promoción, e editou unha revista, *Behinola* (1999-), onde se recollen recensións e críticas das novidades editoriais. En realidade, Galtzagorri non fixo máis que tratar de continuar e ampliar toda unha serie de actividades que na década dos 90 puxeron de manifesto que a LIX en lingua vasca abordaba unha nova etapa.

---

<sup>17</sup> *Op. cit.*

<sup>18</sup> Aínda que a presenza da crítica de LIX é aínda moi reducida nos medios de comunicación vascos, non podemos deixar de mencionar o protagonismo que os autores e obras de LIX en éuscaro tiveron no único programa de literatura existente na televisión vasca ou ETB, o programa *Sautrela* (2000-), ou as críticas que se foron publicando no único periódico integramente publicado en éuscaro, *Berria*, ademais das seccións existentes en revistas como *Egan*.

Referímonos ao labor que o Haur Literaturaren Mintegia (Seminario de Literatura Infantil) de Eskoriatza, hoxe dependente da Universidade de Mondragón, comezou e impulsou na década dos 90 con revistas como *Kukumira* e *Kukuluma*, ou ás publicacións que recolleron novas orientacións ao redor da LIX en éuscaro (*Haur Literatura* (Labayru, 1993); *Haur Literaturaren Inguruan* (UEU-1993); *Bularretik mintzora* (1993, Erein), de J.K. Igerabide; *Haur literatura euskaraz* (1994, Labayru), de Seve Calleja). Poderíamos dicir que a LIX en éuscaro comezou a dar pasos para superar o seu lugar periférico no actual sistema literario vasco, así como no sistema literario do estado español<sup>19</sup>. Seguramente, o aspecto que aínda segue sendo máis débil entre nós sexa aínda o da recepción de ditas obras. Tal e como se tratou de demostrar en recentes estudos sociolóxicos<sup>20</sup>, a lectura de literatura en lingua vasca segue estando demasiado mediatizada pola obrigatoriedade escolar. Por se iso fose pouco, os estudos realizados polo Goberno vasco revelan que os 100.000 vascoparlantes que se incorporaron nas últimas décadas ao grupo de euscaldúns, non se converteron en consumidores de literatura vasca, ao menos, na medida en que se esperaba.

## Actualidade da LIX en lingua vasca: eclecticismo<sup>21</sup>

137

Se tivésemos que utilizar adxectivos para describir o actual panorama literario da LIX en lingua vasca, termos como “eclético” servirían para cualificalo adecuadamente. E é que, ao igual do que ocorre na literatura vasca para adultos, as poéticas, tendencias ou tipoloxías textuais son realmente diversas na LIX contemporánea en lingua vasca. De feito, a utilización de tipoloxías xenéricas para describir incluso a traxectoria dalgúns dos autores relevantes arrastraríanos máis dun problema. Un claro exemplo témolo na constante renovación que coñeceu a traxectoria de Mariasun Landa, descrita, con máis detalle, noutro artigo da presente publicación. Pero teríamos as mesmas dificultades para describir, por pór outro exemplo, a traxectoria de Bernardo Atxaga. Dicir

---

<sup>19</sup> Véxanse as consideracións realizadas ao principio deste artigo.

<sup>20</sup> Cf. M.J. Olaziregi, “Aproximación sociolóxica a los hábitos de lectura de la juventud vasca”, *Oihenart* 18, 2000, pp. 79-93.

<sup>21</sup> Para unha presentación máis detallada dos autores e tendencias actuais, pódense consultar: M. López Gaseni (coord.), *op. cit.*, 2004; M.J. Olaziregi, *op. cit.*, 1999 e 2002. Por outro lado, quixera subliñar que a listaxe de obras que segue pretende incorporar, ante todo, as traducións ao castelán das orixinais en éuscaro.

que fai seu o realismo fantástico, sería esquecer a importancia que outro tipo de tendencias, como por exemplo, a metaficción historiográfica (a serie de Bambulo), ou a hibridez de xéneros (*Alfabeto sobre la literatura infantil y juvenil*, 1996) tiveron na súa obra. Diríamos outro tanto de autores vascos contemporáneos canónicos, como, por exemplo, Juan Kruz Igerabide, cuxos excelentes poemas e narracións conseguiron seducir a propios e estraños (*Poemas de la pupila*, 1992; *Hiperión*; *Botoi bat bezala/Como un botón*, Anaya, 1999; *Hosto gorri, hosto berde/Hoja roja, hoja verde*, 2002; *Jonás y el frigorífico miedoso*, Everest, 1998; *¡Agua va!(desde mi terraza)*, Edebé, 1997...), ou Patxi Zubizarreta, quen demostrou que é capaz de escribir boas novelas xuvenís de aprendizaxe ou aventuras (*El chico que fue hombre*, Anaya, 2000...), así como contos de incuestionábel intensidade poética (*Paloma, llegaste por el aire*, La Galera, 1998...)... ou autores de longa traxectoria como Anjel Lertxundi, quen segue nutréndose do realismo fantástico, a literatura oral e a metaficción en publicacións recentes como o *Cuaderno de tierra firme* (Alfaguara, 2001), ou *Historias de la tierra incierta* (Anaya, 2000).

Todos eles, xunto ás achegas de escritores recoñecidos como Felipe Juaristi (autor de atractivas fábulas modernas: *Ilargi lapurra*, 1997; *Animalien inauteria*, 1999; ou de textos novidosos como: *El loro de Haydín*, Everest, 2003); Miren Agur Meabe (autora da novela de tinturas góticas: *La casa del acantilado*, Edebé, 2004); Karlos Linazasoro (artífice de textos fantásticos como *Bota gorriak/Las botas rojas*, Anaya, 2004); Javi Cillero (escritor que combina obras de realismo crítico como *Eddy Merckxen gurrpila*, 1994, con relatos máis fantásticos do tipo de: *Thailandiako noodle izugarriak*, 2001); ou Joanes Urkixo, quen segue acertando con novelas de aventuras como *Gerlari zuria (O guerreiro blanc*, Tándem, 2003; *El guerreru blancu*, Libros del Peixe, 2003), son expoñentes da renovación da LIX vasca actual. E xa que falamos de renovación, non estaría de máis subliñar que a maioría dos textos e autores mencionados cumpren unha calidade que, segundo Z. Shavit<sup>22</sup>, incide na innovación da LIX. Aludimos ao feito de que buscan un destinatario ambivalente. É dicir, son obras que non se dirixen exclusivamente ao lector infantil, senón que tratan de satisfacer as expectativas literarias do lector adulto.

Vemos, por tanto, que o retrato actual da LIX vasca presenta unha produción onde o xénero narrativo ten un gran protagonismo, e onde as propostas

---

<sup>22</sup> *Op. cit.*

literarias actuais enriquecen, na medida en que a subverten, a coñecida distinción entre obras fantásticas (relatos tradicionais, ciencia ficción, *nonsense*...) e obras realistas (realismo crítico, aventura, narración histórica, narración polí-cíaca...).

Non quixeramos terminar este breve repaso sen subliñar a importancia que, nas últimas décadas, cobrou o xénero poético na produción literaria vasca. Tras o revulsivo que supuxo a irrupción de J.K. Igerabide no panorama literario vasco, sucedéronse, ininterrompidamente, propostas poéticas destacábeis, como as de J.M. Irigoien (*Metak eta kometak*, 1994), J.A. Ormazabal (*Hitzak jostailu*, 1994; *Txoko txiki txukuna*, 1998), Y. Arrieta (*Denboraren kanta-kontuak*, 1995), Karlos Linazasoro (*Hamabi titare*, 1999), Igerasoro (Igerabide + Linazasoro: *Kartapazioko poemak*, 1998), Pello Añorga (*Jiran-Biran*, 1998), Jon Suarez (*Ilbetea dilindan*, 2002)..., ou coidadas edicións que incorporan poemas, adiviñas, xogos... como *Aixa mixa zilarra* (Elkarlanean, 2000), de J.M. Olazola "Txiliku", ou *Mintzo naiz ixilik* (Elkarlanean, 2001), de J.K. Igerabide.

En canto ao teatro, aínda que recentes adaptacións de obras de autores vascos (Landa, Atxaga, Arrieta...) tiveron moi boa acollida, a verdade é que a produción dramática segue sendo moi reducida. A listaxe de autores que publicaron obras de teatro infantís incluíría, entre outros, a: Marijane Minaberri (*Haur antzerki*, 1983), M. López Gaseni (*Andoni eta Maddalenen komeriak*, 1994), X. Diaz Esarte (*A zer nolako comería!*, 1995; *Mito, mito eta kitto*, 1999), Y. Arrieta (*Badago ala ez dago*, 1998), Aitzpea Goenaga (*Antzezten, teketen, ten*, 1999), ou propostas dramáticas suxestivas como a que firman o escritor K. Uribe e o grupo musical Oskorri: *Ekizazu, lehoiek ez dakite biolina jotzen* (2003).

Só nos queda desexar que o atractivo panorama actual da LIX en éuscaro se vexa enriquecido coa incorporación de novas lecturas, diálogos, en definitiva.

Mari Jose Olaziregi Alustiza  
Universidade do País Vasco